

# MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**15997** *REAL DECRETO 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos.* («BOE» 188, do 7-8-2002.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título IX, define os corpos de funcionarios docentes universitarios e configura, nos seus aspectos xerais, o procedemento de acceso ós mencionados corpos, para o que establece o sistema de habilitación nacional previa, que faculta para concorrer a concursos de acceso a estes corpos.

O número 1 do artigo 57 da mesma lei orgánica encomenda ó Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, a regulación do sistema de habilitación, que debe vir definido pola categoría do corpo e a área de coñecemento.

Por isto, e con base ademais na disposición derradeira terceira da lei orgánica citada, que faculta o Goberno para dictar, na esfera das súas atribucións, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, cómpre regulamentar aspectos básicos do procedemento para poder adquiri-la condición de funcionario dos corpos docentes universitarios, cos dereitos e deberes que lles son propios. Desta maneira, dáse resposta, dunha parte, ás necesidades académicas das universidades públicas e, doutra, ás lexítimas aspiracións dos que pretenden acceder á función docente e investigadora universitaria.

Nunha primeira fase, son as propias universidades, en atención ás súas necesidades docentes e investigadoras e sempre que as prazas estean dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, as que deberán acordar, no modo que establezan os seus estatutos, as prazas que serán provistas mediante concurso de acceso entre habilitados e comunicalas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, na forma e prazos que neste real decreto se establecen. Nunha segunda fase, son, así mesmo, as propias universidades as que, unha vez celebradas as probas de habilitación, convocarán o correspondente concurso de acceso.

Tanto nas probas de habilitación como nos concursos de acceso deben quedar garantidos, en todo momento, a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto ós principios de publicidade, mérito e capacidade.

Este real decreto recibiu o informe do Consello de Coordinación Universitaria e da Comisión Superior de Persoal. Conta coa aprobación previa do Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xullo de 2002,

DISPONGO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Réxime xurídico.*

1. As probas de habilitación nacional que facultan para concorrer a concursos de acceso a corpos de cate-

dráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de escolas universitarias, establecidos no número 1 do artigo 56 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, rexeranse polas bases das súas respectivas convocatorias e axustaranse ó establecido nesa lei orgánica, neste real decreto e demais normas de xeral aplicación.

Os concursos de acceso ós corpos a que se refire o parágrafo anterior rexeranse polas bases das súas respectivas convocatorias e axustaranse ó establecido nesa lei orgánica, neste real decreto, nos estatutos da universidade convocante e demais normas de xeral aplicación.

2. Quedarán garantidas en todo momento a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto ós principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade.

## CAPÍTULO II

### Habilitación nacional

Artigo 2. *Comunicación ó Consello de Coordinación Universitaria das prazas que se proverán entre habilitados.*

1. As universidades comunicarán á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, en documento o modelo do cal figura como anexo I, as prazas que, en atención ás súas necesidades docentes e investigadoras e de acordo con os seus estatutos, serán provistas mediante concurso de acceso entre habilitados. Cando as prazas a prover sexan daquelas ás que se refire o número 2 do artigo 5, a universidade deberá contar coa conformidade da Administración pública responsable da institución sanitaria concertada, dentro das previsións do correspondente concerto.

A comunicación a que se refire o parágrafo anterior será levada a cabo polas universidades durante os meses de setembro, xaneiro e maio de cada ano. Esta comunicación efectuarase por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A denominación das prazas que se proverán mediante concurso de acceso entre habilitados será necesariamente a dalgunha das áreas de coñecemento que se conteñen no correspondente catálogo oficial que figura no anexo II, con indicación do corpo e universidade a que corresponda.

Artigo 3. *Convocatoria das probas de habilitación nacional.*

1. Recibidas as comunicacións das universidades, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria clasificará e presentará á Comisión Académica do citado Consello, para informe, a convocatoria das probas de habilitación, dentro do mes seguinte á finalización dos prazos previstos no número 1 do artigo 2.

2. Cada convocatoria de probas de habilitación determinará o número de habilitacións que son obxecto dela, a categoría do corpo e a área de coñecemento a que pertencen. O número de habilitacións obxecto de convocatoria estará en función do número de prazas comunicadas previamente á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, a existencia de vacantes resultantes de concursos de acceso, a existencia de habilitados que non ocupen praza, os concursos de acceso cubertos por profesores funcionarios e calquera outro criterio relevante do proceso, co fin de garanti-la posi-

bilidade de selección polas universidades de entre os habilitados e a concorrencia dos habilitados ós concursos de acceso.

3. A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria remitirá ó «Boletín Oficial del Estado» a resolución de convocatoria das probas de habilitación para a súa publicación. Dentro dos quince días seguintes á emisión do informe pola Comisión Académica, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria remitirá ó «Boletín Oficial del Estado» para a súa publicación a resolución de convocatoria das probas de habilitación. Así mesmo, incluírao nos medios de difusión electrónicos do Consello de Coordinación Universitaria.

4. Conforme o establecido no número 3 dos artigos 58 e 59 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, só se poderán comunicar e convocar prazas para a habilitación de profesores titulares de escolas universitarias e catedráticos de escolas universitarias nas áreas de coñecemento que se relacionan no anexo III.

#### Artigo 4. *Solicitudes.*

1. Os candidatos que desexen tomar parte nas probas de habilitación remitirán a correspondente solicitude ó presidente do Consello de Coordinación Universitaria, por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Esta solicitude enviarase dentro do prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria, mediante instancia debidamente cuberta segundo o modelo que se estableza na convocatoria e o aboamento da taxa correspondente, xunto ós documentos que acrediten que reúnen os requisitos establecidos para participar nas correspondentes probas. A concorrencia destes requisitos deberá estar referida sempre a unha data anterior á de expiración do prazo fixado para solicita-la participación nas probas.

2. Concluído o período de presentación de solicitudes, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria dictará resolución, no prazo máximo de vinte días, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Nesta resolución, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado», poderán incluírse as listas certificadas completas de candidatos admitidos e excluídos, ou indicaranse os lugares en que se encontran publicadas, e, en todo caso, as listas completas de candidatos incluíranse nos medios de difusión electrónicos do Consello de Coordinación Universitaria.

3. A resolución a que se refire o número anterior incluírá as causas de exclusión. O prazo para as reclamacións será de dez días contados desde o día seguinte á publicación das listas provisionais no «Boletín Oficial del Estado» ou do anuncio da súa aprobación e indicación dos lugares en que se encontran publicadas as listas. Finalizado o prazo de reclamacións, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, no prazo máximo de quince días, mandará publicar, na forma establecida no número anterior, a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos.

#### Artigo 5. *Requisitos que cumprirán os candidatos.*

1. Poderán participar nas probas de habilitación os que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Para as probas de habilitación para profesores titulares de escolas universitarias, estar en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro. Excepcionalmente, nas áreas de coñecemento que figuran no anexo IV, estar en posesión do título de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

b) Para as probas de habilitación para profesores titulares de universidade e catedráticos de escolas universitarias, estar en posesión do título de doutor.

c) Para as probas de habilitación para catedráticos de universidade, ser profesor titular de universidade ou catedrático de escolas universitarias con tres anos de antigüidade á data de expiración do prazo para solicita-la participación nas probas, nun deles ou entre ámbolos corpos, e a titulación de doutor. O Consello de Coordinación Universitaria, logo de informe positivo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, eximirá destes requisitos a quen acredite te-la condición de doutor con, ó menos, oito anos de antigüidade.

2. Para participaren nas probas de habilitación, os candidatos que, con posterioridade, desexen concorrer ós concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, para ocuparen prazas asistenciais básicas de institucións sanitarias, vinculadas a prazas docentes dos mencionados corpos, conforme as previsións do artigo 105 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, na redacción dada pola disposición derradeira segunda da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, deberán acreditar, ademais de reuniren os requisitos que correspondan dos esixidos no número 1 anterior, estar en posesión do título de especialista sanitario que, se é o caso, proceda, e acreditar no currículo, os méritos relativos á actividade asistencial do candidato, segundo o modelo que estableza a convocatoria das probas de habilitación, que se fixará de acordo co que preveña a lexislación aplicable, en materia de provisión de vacantes, á institución sanitaria de que se trate.

3. Os títulos que presenten os candidatos ás probas de habilitación deberán estar homologados ós de carácter oficial en España ou recoñecidos no noso país, segundo a normativa vixente sobre esta materia.

#### Artigo 6. *Composición das comisións de habilitación.*

1. As comisións que deben resolver as probas de habilitación estarán constituídas por membros titulares e suplentes da seguinte forma:

a) Para profesores titulares de escolas universitarias, por dous catedráticos de universidade, dous profesores titulares de universidade ou catedráticos de escolas universitarias e tres profesores titulares de escolas universitarias.

b) Para catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade, por tres catedráticos de universidade e catro profesores titulares de universidade ou catedráticos de escolas universitarias con título de doutor.

c) Para catedráticos de universidade, por sete catedráticos de universidade.

2. Calquera membro, titular ou suplente, dunha comisión de habilitación, a excepción dos mencionados no número 7 deste artigo, deberá te-lo recoñecemento de:

a) Polo menos, dous períodos de actividade investigadora de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, se se trata de catedráticos de universidade, de profesores eméritos que se xubilasen tendo esa condición ou de membros da escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas.

b) Polo menos, un período de actividade investigadora de acordo coas previsións do citado Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, se se trata de profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias, profesores titulares de universidade, profesores eméritos que se xubilasen tendo algunha das ditas condicións ou de membros das escalas de investigadores científicos ou de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas.

3. Os membros das comisións de habilitación, en primeiro lugar os titulares e en segundo lugar os suplentes, serán elixidos por sorteo público realizado pola Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria entre tódolos profesores da área de coñecemento da convocatoria.

Os membros das comisións poderán estar en calquera das situacións administrativas a que se refire o artigo 2 do Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, excepto nas de excedencia e suspensión de funcións, todo isto con anterioridade á data de expiración do prazo fixado para solicita-la participación dos candidatos nas probas, de acordo co establecido no número 1 do artigo 4.

En ningún caso poderán formar parte das comisións os profesores xubilados con anterioridade á data a que se refire o parágrafo anterior, salvo que estean contratados como profesores eméritos. Neste último suposto, non poderá haber máis dun profesor emérito en cada comisión de habilitación.

4. Nos casos en que non exista un número suficiente de profesores de cada grupo para poder designalos membros da comisión, seguirase o procedemento seguinte:

a) En primeiro lugar, efectuarase o sorteo entre os profesores de cada grupo dos indicados no número 1 deste artigo para determinar, primeiro os membros titulares e, despois, os suplentes.

b) En segundo lugar, para cubri-las vacantes do sorteo anterior, procederase a un segundo sorteo entre profesores do corpo docente de superior categoría e da mesma área de coñecemento.

c) En terceiro lugar, e se aínda quedasen vacantes, procederase a un terceiro sorteo entre profesores de corpos docentes do mesmo grupo e áreas afíns das que se relacionan no anexo V.

d) En cuarto lugar, e se aínda quedasen vacantes, procederase a un cuarto sorteo entre profesores do corpo docente de categoría superior e áreas afíns das que se relacionan no anexo V.

e) Para casos excepcionais, en que non fose posible a aplicación das regras anteriores, o Consello de Coordinación Universitaria determinará a forma de cubri-las posibles vacantes nas comisións.

5. O presidente da comisión será o funcionario de corpo docente universitario, membro dela, máis antigo, dos pertencentes ó corpo de superior categoría da área de coñecemento obxecto da proba, e, no seu defecto, de área afín a ela das que se relacionan no anexo V.

O secretario da comisión será o funcionario de corpo docente universitario, membro dela, con menor antigüidade, dos pertencentes ó corpo de menor categoría da área de coñecemento obxecto da proba, e, no seu defecto, de área afín a ela das que se relacionan no anexo V.

6. O persoal funcionario científico e investigador pertencente ás escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas poderá formar parte das comisións de habilitación a que se refire o número 1 deste artigo, sempre que, por acordo do Consello de Coordinación Universitaria, logo de informe da Xunta de Goberno do Consello Superior de Investigacións Científicas, figuren adscritos á correspondente área de coñecemento. O Consello de Coordinación Universitaria procederá anualmente a revisar esta adscrición.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, o persoal da escala de profesores de investigación figurará no grupo de sorteables xunto ós catedráticos de universidade, e os investigadores científicos e científicos titulares xunto ós catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade.

En ningún caso poderá haber máis dun membro do persoal funcionario científico e investigador do Consello Superior de Investigacións Científicas en cada comisión de habilitación.

7. A Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria, por proposta das universidades públicas e logo de informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, establecerá e manterá actualizada unha listaxe de profesores de universidades doutros Estados membros da Unión Europea que, por teren categoría igual ou equivalente á dos corpos docentes do profesorado contemplados no número 1 do artigo 1 deste real decreto, poidan formar parte das comisións de habilitación a que se refire o número 1 deste artigo.

No informe da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación a que se refire o parágrafo anterior, deberá consta-la avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora, equivalente á prevista para o correspondente profesorado español.

En ningún caso poderá haber máis dun profesor de universidades doutros Estados membros da Unión Europea en cada comisión de habilitación.

8. A Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria, por proposta das universidades públicas e logo de informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, establecerá e manterá actualizada unha listaxe de profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios en situación de excedencia voluntaria que presten servicios en universidades privadas, que poidan formar parte das comisións de habilitación a que se refire o número 1 deste artigo.

No informe da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación deberá consta-la avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora, equivalente á prevista para os correspondentes profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios en situación de activo.

En ningún caso poderá haber máis dun profesor nesta situación de excedencia prestando servicios en universidades privadas en cada comisión de habilitación.

#### *Artigo 7. Sorteo dos membros das comisións de habilitación.*

1. A celebración dos sorteos para designalos membros das Comisións de habilitación será anunciada pola Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria no «Boletín Oficial del Estado», ó mesmo tempo que a publicación da lista definitiva de candidatos a que se refire o número 3 do artigo 4, indicándose os lugares en que se encontran publicadas as listas de sorteables.

A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria publicará, no boletín de información electrónico a que se refire o número 3 do artigo 3, a lista de sorteables no prazo non superior a dez días desde o anuncio do sorteo. As reclamacións contra a lista formularanse, ante a dita Secretaría Xeral, dentro dos dez días seguintes á data da súa publicación. As reclamacións resolveranse no prazo máximo de dez días.

2. O acto de realización do sorteo será público mediante un procedemento que garanta a equiprobabilidade. Celebrarase no lugar que se sinalase na convocatoria correspondente.

Realizado o sorteo, o presidente do Consello de Coordinación Universitaria procederá ó nomeamento dos membros das comisións, titulares e suplentes, comunicará o resultado a eses membros e remitirá a composición das comisións, na que se indicará cáles dos membros actuarán de presidente e secretario, ó «Boletín Oficial del Estado» para a súa publicación, todo isto no

prazo máximo de vinte días. Contra a indicada composición das comisións poderase reclamar no prazo máximo de dez días, resolvéndose a reclamación noutro prazo de dez días.

3. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, salvo cando concorra causa xustificada que impida a súa actuación nela. Considérase causa xustificada encontrarse na situación administrativa de servizos especiais. En todo caso, a renuncia deberá ser comunicada á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria dentro dos dez días seguintes ó da data de recepción da comunicación. A apreciación da causa alegada corresponderá ó presidente do mencionado Consello, que deberá resolver, no prazo de dez días contados desde a recepción da renuncia, actuándose a seguir, se é o caso, segundo o procedemento establecido no número 6 deste artigo.

4. No caso de concorreren os motivos de abstención a que se refire o número 2 do artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os interesados deberán absterse de actuar na comisión e manifesta-lo motivo concorrente.

A actuación dos membros da comisión nos que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, a invalidez dos actos en que interviñesen.

A non abstención nos casos en que proceda dará lugar a responsabilidade.

5. Cando se produza a recusación a que se refire o artigo 29 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, que poderá ter lugar en calquera momento do procedemento, o recusado manifestará, no día seguinte da data de coñecemento da súa recusación, se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, o presidente do Consello de Coordinación Universitaria poderá acordala súa substitución acto seguido por un suplente.

Se nega a causa de recusación, o presidente do Consello de Coordinación Universitaria resolverá no prazo de tres días, logo dos informes e comprobacións que considere oportunos.

Contra as resolucións adoptadas nesta materia non se poderá presentar reclamación ningunha, sen prexuízo de que se alegue cando se interpoñan posteriores recursos.

6. Nos casos de renuncia xustificada, abstención ou recusación que impidan a actuación dos membros da comisión titular, estes serán substituídos polos seus respectivos suplentes.

No caso de que no membro suplente concorrese algún dos supostos de abstención ou recusación citados anteriormente, a súa substitución farase por orde correlativa entre os membros suplentes do mesmo corpo. Se tampouco fosen posibles estas substitucións, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria procederá a realizar un novo sorteo, en relación, exclusivamente, coa praza que se vaia substituír.

#### Artigo 8. *Constitución das comisións e convocatoria.*

1. As comisións deberanse constituír dentro dos tres meses seguintes á data de publicación do nomeamento dos seus membros. Para isto, o presidente titular da comisión, realizadas as consultas pertinentes cos restantes membros, convocará os titulares e, se for o caso, suplentes, para proceder ó acto de constitución, fixando lugar e data.

2. A constitución de cada comisión esixirá a presenza da totalidade dos seus membros. Os membros titulares que non concorresen ó citado acto cesarán e serán substituídos conforme o previsto no número 6 do artigo 7.

3. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do presidente, este será substituído polo profesor máis antigo conforme a seguinte orde de prelación de corpos: catedráticos de universidade, profesores titu-

lares de universidade ou catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de escolas universitarias. No caso de ausencia do secretario, este será substituído polo profesor máis recente en orde de prelación de corpos inversa á indicada no inciso anterior.

4. Para que a comisión poida actuar validamente será necesaria a participación de, cando menos, catro dos seus membros.

Os membros da comisión que estivesen ausentes nalgunha das probas correspondentes a algún dos candidatos cesarán na súa calidade de membros dela, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen ter incorrido.

5. Se, unha vez comezada a primeira proba, a comisión quedase con menos de catro membros, procederáse ó nomeamento dunha nova comisión polo procedemento establecido nos artigos anteriores e na que non poderán incluírse os membros que tivesen cesado na súa condición.

6. No acto de constitución, a comisión fixará e, antes do acto de presentación dos candidatos, fará públicos os criterios para a valoración das probas de habilitación. Nos ditos criterios deberá constar con carácter preferente, aínda que non exclusivo, o da acreditación dos méritos e historial académico, docente e investigador que sexan relevantes na comunidade científica internacional e nacional da área de coñecemento de que se trate, e que constitúen o obxecto da primeira proba.

7. Os membros da comisión percibirán as asistencias e indemnizacións que lles correspondan en razón deste servizo, así como os gastos de viaxes e axudas de custos que procedan. Tódalas percepcións serán aboadas pola universidade na sede da cal se celebren as probas. A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria reembolsará ás universidades os gastos derivados da actuación das comisións.

8. Corresponderán ó secretario da comisión as actuacións administrativas e a xestión económica propias dela, auxiliado polo persoal de administración e servizos que lle asigne a universidade na sede da cal se celebren as probas.

#### Artigo 9. *Acto de presentación de candidatos.*

1. O presidente titular da comisión dictará resolución convocando a tódolos candidatos admitidos para realiza-lo acto de presentación, con sinalamento do día, hora e lugar da súa celebración. A resolución deberá ser publicada cunha anticipación mínima de quince días respecto á data dese acto.

A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria prestará a axuda requirida, se é o caso, polo presidente da comisión. Así mesmo, a universidade onde se celebren as probas porá ó dispor da comisión os medios materiais e humanos precisos para celebralas.

No acto de presentación, que será público e se realizará na universidade onde se celebren as probas, os candidatos entregarán ó presidente da comisión a documentación seguinte:

a) En tódolos casos, o seu historial académico, docente e investigador, e, cando sexa o caso, asistencial-sanitario, por septuplicado, así como un exemplar das publicacións e documentos acreditativos do consignado no historial.

b) Para as probas de profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade, o proxecto docente, por septuplicado. O proxecto docente orixinal e persoal deberá incluír, en todo o caso, o programa dunha ou varias disciplinas dunha ou varias das materias troncais asignadas á área de coñecemento nos reais decretos de directrices xerais propias dos plans de estudos con-

ducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Para estes efectos, a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria fará público un documento coa lista das materias troncais asignadas ás distintas áreas de coñecemento.

c) Para as probas de catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade, o proxecto investigador, por septuplicado exemplar.

2. No acto de presentación determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos candidatos e fixaranse o lugar, data e hora do comezo das probas, circunstancias que, xunto ás indicadas no número 6 do artigo 8, fará públicas a comisión. As probas deberán comezar no prazo mínimo de cinco días e máximo de dez, contando desde o día seguinte ó do acto de presentación.

3. O secretario da comisión garantirá que a documentación entregada polos candidatos estará dispoñible para ser examinada por estes antes do inicio das probas.

#### Artigo 10. *Celebración das probas.*

1. As probas de habilitación realizaranse na universidade onde preste servicios ou, se é o caso, estea adscrito o presidente da correspondente comisión.

2. As probas de habilitación serán públicas e cada unha delas eliminatória.

3. A primeira proba de habilitación para profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias, profesores titulares de universidade e catedráticos de universidade consistirá na exposición oral dos méritos e historial académico, docente e investigador e, se é o caso, asistencial-sanitario, alegados. No caso das probas para profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade a defensa do proxecto docente e, nestes dous últimos casos, a defensa do proxecto investigador presentado. Todo isto se realizará durante un tempo máximo de noventa minutos para cada candidato. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato sobre os seus méritos, historial académico e investigador, e sobre o proxecto docente e, se é o caso, investigador presentado, durante un tempo máximo de dúas horas.

Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ó presidente un informe razoado, axustado, en todo caso, ós criterios previamente establecidos pola comisión, valorando os méritos e historial académico, docente e investigador, e, se é o caso, asistencial-sanitario, así como o proxecto docente e, se é o caso investigador, alegados e defendidos por cada candidato. No suposto dos candidatos a que se refire o número 2 do artigo 5, as comisións seguirán para a avaliación dos méritos asistenciais o que prevegan os baremos contidos na lexislación aplicable en materia de provisión de vacantes na institución sanitaria de que se trate.

Á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, non sendo posible a abstención, para determina-lo paso dos candidatos ás probas sucesivas. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obteñan, polo menos, catro votos favorables.

4. A segunda proba de habilitación para profesores titulares de escolas universitarias, catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade consistirá na exposición oral dun tema do programa presentado polo candidato e elixido por este, de entre tres sacados a sorteo, durante un tempo máximo dunha hora. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato acerca dos contidos expostos, a metodoloxía que se utilizará e todos aqueles aspectos que coide relevantes en relación co tema, durante un tempo máximo de dúas horas.

Os candidatos disporán dun tempo máximo dunha hora para a preparación da exposición do tema.

Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ó presidente un informe razoado valorando os contidos e metodoloxía expostos por cada un dos candidatos.

No caso das probas de habilitación para catedráticos de escolas universitarias e profesores titulares de universidade, á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, sen que sexa posible a abstención, para determina-lo paso á terceira proba. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obteñan, polo menos, catro votos favorables.

No caso das probas de habilitación para profesores titulares de escolas universitarias e á vista dos dous informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención, tendo en conta que non poderán propor como habilitados máis candidatos que o número de habilitacións que fosen obxecto da convocatoria, pero si un número inferior delas ou, mesmo, a non habilitación de candidato ningún. Isto implica que non poderán concederse máis de catro votos favorables a un número de candidatos maior que o número de habilitacións.

5. A segunda proba de habilitación para catedráticos de universidade consistirá na exposición oral polo candidato, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal e inédito de investigación realizado polo candidato solo ou en equipo, neste último caso, como director da investigación, o que deberá quedar documentalmentemente certificado. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato todos aqueles aspectos que coide relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.

O candidato entregará ó presidente da comisión un resumo ou guiión escrito, por septuplicado, do traballo de investigación, ó facerse público o resultado favorable da primeira proba.

Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ó presidente un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostos por cada un dos candidatos.

Á vista dos dous informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención, tendo en conta que non poderán propor como habilitados máis candidatos que o número de habilitacións que fosen obxecto da convocatoria, pero si un número inferior delas ou, mesmo, a non habilitación de candidato ningún. Isto implica que non poderán obter máis de catro votos favorables un número de candidatos maior que o número de habilitacións.

6. A terceira proba de habilitación para catedráticos de escolas universitarias e de profesores titulares de universidade consistirá na exposición oral polo candidato, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal e inédito de investigación realizado por el, só ou en equipo, neste último caso, como director da investigación, o que deberá quedar documentalmentemente certificado. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato todos aqueles aspectos que coide relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.

Antes do comezo da proba, o candidato entregará ó presidente da comisión un resumo ou guiión escrito, por septuplicado, do traballo de investigación.

Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ó presidente un informe razoado valorando os contidos e metodoloxía expostos por cada un dos candidatos.

Á vista dos tres informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención, tendo en conta que non poderá propor como habilitados máis candidatos que o número de habilitacións que fosen

obxecto da convocatoria, pero si un número inferior delas ou, mesmo, a non habilitación de candidato ningún. Isto implica que non poderán obter máis de catro votos favorables un número de candidatos maior que o número de habilitacións.

#### Artigo 11. *Proposta de habilitación.*

1. O presidente da comisión, unha vez finalizadas as probas, elevará unha proposta motivada e vinculante ó presidente do Consello de Coordinación Universitaria, que procederá á habilitación dos candidatos.

Xunto coa proposta, o presidente da comisión entregará na Secretaría Xeral da universidade onde se celebrasen as probas, e esta remitirá á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria toda a documentación relativa ás actuacións da comisión, así como unha copia da documentación entregada por cada candidato que, unha vez finalizado e firme o proceso de habilitación, lle poderá ser devolvida se así o solicita.

2. As comisións de habilitación non poderán propor ó presidente do Consello de Coordinación Universitaria a habilitación de candidatos en número maior que o de habilitacións sinalado na correspondente convocatoria, pero si un número inferior, mesmo a non habilitación de candidato ningún.

3. A relación de candidatos habilitados, na que se fará consta-lo corpo e área para os que foron habilitados, será publicada no «Boletín Oficial del Estado», no prazo máximo dun mes.

#### Artigo 12. *Comisión de reclamacións.*

1. Contra a resolución de habilitación, os candidatos poderán presentar reclamación perante o presidente do Consello de Coordinación Universitaria, no prazo máximo de dez días, contando a partir da publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Admitida a reclamación, esta será valorada por unha comisión formada por sete catedráticos de universidade, de diversas áreas de coñecemento, que contén con, ó menos, tres períodos de docencia e tres de investigación recoñecidos de acordo co Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, designados pola Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria, por proposta do seu presidente. Esta comisión será presidida polo catedrático de universidade máis antigo, e exercerá as funcións de secretario o catedrático de universidade con menor antigüidade. A comisión examinará o expediente relativo á proba de habilitación para velar polas garantías a que se refire o número 1 do artigo 64 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e, no prazo máximo de tres meses, ratificará ou non a proposta reclamada. Neste último caso, retrotraerase o expediente ata o momento en que se produciu o vicio e a comisión de habilitación deberá formular nova proposta.

A citada comisión valorará os aspectos puramente procedementais, e verificará o efectivo respecto, por parte das comisións de habilitación, da igualdade de condicións dos candidatos e dos principios de mérito e capacidade destes no procedemento de habilitación.

A reclamación non paralizará as propostas nin os procesos dos concursos de acceso que deberán convocalas universidades.

3. A comisión de reclamacións oír os membros da comisión contra a resolución de cal se presentase a reclamación e os candidatos que participasen nelas. Poderá, así mesmo, solicitar informes de especialistas de recoñecido prestixio.

4. Tres dos membros da comisión de reclamacións serán renovados cada dous anos, tendo en conta o sinalado no número 2 deste artigo.

#### Artigo 13. *Recursos.*

As resolucións da comisión de reclamacións serán vinculantes para o presidente do Consello de Coordinación Universitaria, as resolucións do cal esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

### CAPÍTULO III

#### Concursos de acceso

#### Artigo 14. *Convocatoria dos concursos de acceso.*

1. Os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios poderán ser convocados pola universidade sempre e cando as prazas de que se trate fosen comunicadas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos previstos no capítulo II deste decreto. Os mencionados concursos serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» e no da comunidade autónoma, a partir dos quince días seguintes a aquel en que o «Boletín Oficial del Estado» publique a resolución de convocatoria das probas de habilitación a que se refire o número 3 do artigo 3.

2. En todo caso, estando vacante unha praza das comunicadas ó Consello de Coordinación Universitaria, a universidade convocará dentro dos vinte días seguintes á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da relación de candidatos habilitados no corpo e área de coñecemento a que se refire o número 3 do artigo 11.

3. A convocatoria, realizada por resolución do rector, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría do corpo, a área de coñecemento a que pertencen e, se é o caso, as actividades docentes e investigadoras referidas a unha materia das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de primeiro e segundo ciclo que deberá realizar quen obteña a praza. A existencia desas especificacións en ningún caso suporá para quen obteña a praza un dereito de vinculación exclusiva a esa actividade docente e investigadora, nin limitará a competencia da universidade para lle asignar distintas obrigas docentes e investigadoras. En ningún caso se poderá facer referencia a orientacións sobre a formación dos posibles candidatos ou calquera outra que vulnere os principios de igualdade, mérito e capacidade para o acceso á función pública ou estableza limitacións ós dereitos dos funcionarios recoñecidos polas leis.

Na dita convocatoria indicaranse, así mesmo, as características das solicitudes e os prazos para elas, a composición da comisión, as fases do desenvolvemento do concurso, as características, lugar e data do acto de presentación, se o houber, e as normas para a presentación de documentos e sobre nomeamentos, todo isto de acordo cos estatutos da universidade.

O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder de catro meses.

#### Artigo 15. *Requisitos que cumprirán os candidatos.*

1. Poderá participar nos concursos de acceso quen acredite estar habilitado para o corpo e área de que se trate conforme o establecido no capítulo II deste real decreto.

No caso de prazas asistenciais básicas de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes dos corpos docentes universitarios unicamente poderán participar nos concursos de acceso, cando a praza básica que se

vincule sexa de especialista, os habilitados que estean en posesión do título oficial de especialista que corresponda á tal praza, de acordo co previsto no artigo 5 número 2 deste real decreto.

2. De acordo co establecido no parágrafo segundo do número 2 do artigo 63 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, considéranse habilitados para poderen participar en concursos de acceso para o corpo e área de que se trate, a que se fixo referencia no artigo 14, para os efectos de obter praza nunha universidade, xunto ós habilitados a que se refire o número 1, os funcionarios do correspondente corpo e área de coñecemento, e os de corpos docentes universitarios de iguais ou superiores categorías e mesma área de coñecemento, que obtivesen nomeamento como membros deses corpos con anterioridade á data de entrada en vigor da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, ou con posterioridade a ela, pero con data anterior á de finalización do prazo fixado para solicita-la súa participación no concurso, sexa cal for a súa situación administrativa.

3. Así mesmo, consideraranse habilitados para participaren nos concursos de acceso a que se refire o artigo 14, os profesores doutros Estados membros da Unión Europea e de Estados ós que se refire o parágrafo segundo do número 3 do artigo 89 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, que, por acordo do Consello de Coordinación Universitaria, logo de informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, se considere que atinxiron na Universidade de orixe unha posición igual ou equivalente á dos corpos docentes universitarios españois.

No seu informe, a citada Axencia valorará a actividade docente e investigadora dos profesores propostos e reflectirá o corpo e área de coñecemento para os que se consideran habilitados.

4. Os habilitados, de acordo con este real decreto, de nacionalidade estranxeira non comunitaria poderán tomar parte, polo corpo e áreas para o que foron habilitados, nos concursos de acceso convocados polas universidades cando, no Estado da súa nacionalidade, ós españois se lles recoñeza aptitude legal para ocuparen na docencia universitaria posicións análogas ás dos funcionarios dos corpos docentes universitarios españois. Sobre o efectivo recoñecemento da aptitude legal a que se refire o inciso anterior, o Consello de Coordinación Universitaria solicitará informe dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Administracións Públicas.

#### Artigo 16. *Comisións.*

1. Os concursos de acceso a prazas dos corpos docentes universitarios serán resoltos en cada universidade por unha comisión constituída para tal efecto, de acordo co procedemento previsto nos seus estatutos. Este procedemento basearase en criterios obxectivos e xerais e garantirá, en todo caso, a plena competencia docente e investigadora dos membros da comisión, así como que a categoría funcional deles é igual, equivalente ou superior á praza obxecto do concurso.

A Universidade fará pública a composición das comisións, así como os criterios para a adxudicación das prazas. Entre estes criterios non se poderá incluír ningún que impida a participación no concurso dun habilitado.

Os membros das comisións a que se refiren os parágrafos anteriores, que pertencen a algún dos corpos docentes previstos no número 1 do artigo 56 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, ou a unha categoría das indicadas no último inciso do parágrafo primeiro deste número, deberán contar co recoñecemento dos períodos de actividade investigadora mínimos que, para cada un dos mencionados corpos, se establecen no número 2 do artigo 6 deste real decreto.

2. Nas comisións encargadas de resolver os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes dos mencionados corpos a que se refire o número 2 do artigo 5, dous dos seus membros, que serán doutores, salvo no caso de tratarse dunha praza de profesor titular de escolas universitarias, e deberán estar en posesión do título de especialista que se esixa como requisito para concursar á praza, serán elixidos por sorteo público pola institución sanitaria correspondente, entre o correspondente censo público que anualmente comunicará ó Consello de Coordinación Universitaria.

#### Artigo 17. *Proposta de provisión de prazas.*

1. No prazo máximo de dous anos desde a comunicación a que se refire o número 1 do artigo 2, a praza de que se trate deberá proverse sempre que haxa algún concursante a ela.

2. Os concursantes que non fosen propostos para ser nomeados para a praza non poderán alegar ningún dereito sobre prazas vacantes, calquera que sexa a universidade á que pertencen estas.

3. As comisións que xulguen os concursos de acceso proporán ó rector, motivadamente, e con carácter vinculante, unha relación de tódolos candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento.

Os nomeamentos propostos pola comisión serán efectuados polo rector da universidade que convoca, despois de o concursante proposto ter acreditado cumprir os requisitos a que alude o artigo 5, o que deberá facer nos vinte días seguintes ó de concluí-la actuación da comisión. En caso de o concursante proposto non presentar oportunamente a documentación requirida, o rector da universidade procederá ó nomeamento do seguinte concursante na orde de valoración formulada.

4. Os nomeamentos serán igualmente comunicados ó correspondente rexistro para efectos de outorgamento do número de rexistro de persoal e inscrición nos corpos respectivos, publicados no «Boletín Oficial del Estado» e da comunidade autónoma correspondente, e comunicados á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria.

5. O nomeamento especificará a denominación da praza: corpo e área de coñecemento.

6. No prazo máximo de vinte días, contados desde o día seguinte da publicación do nomeamento, o candidato proposto deberá tomar posesión do seu destino, momento en que adquirirá a condición de funcionario do corpo docente universitario de que se trate, cos dereitos e deberes que lle son propios.

7. A praza obtida despois do concurso de acceso a que se refire o artigo 14 deberá desempeñarse polo menos durante dous anos, antes de poder participar nun novo concurso para efectos de obter unha praza de igual categoría e da mesma área de coñecemento na mesma ou noutra universidade.

#### Artigo 18. *Comisión de reclamacións.*

1. Contra a proposta da comisión, os candidatos poderán presentar reclamación, no prazo máximo de dez días, ante o rector da universidade á que corresponda a praza.

Admitida a trámite a reclamación, suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución definitiva.

2. Esta reclamación será valorada por unha comisión formada por sete catedráticos de universidade, de diversas áreas de coñecemento, con ampla experiencia docente e investigadora, designados na forma que establezan os estatutos. Esta comisión será presidida polo

catedrático de universidade máis antigo e exercerá as funcións de Secretaría o catedrático de universidade con menor antigüidade. A comisión examinará o expediente relativo ó concurso, para velar polas garantías que establece o número 1 do artigo 64 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e no prazo máximo de tres meses ratificará ou non a proposta reclamada. Neste último caso, o expediente retrotraeráse ata o momento en que se produciu o vicio e a comisión do concurso deberá formular nova proposta.

A citada comisión de reclamacións valorará os aspectos puramente procedementais, e verificará o efectivo respecto, por parte da comisión do concurso, da igualdade de condicións dos candidatos e dos principios de mérito e capacidade destes no procedemento do concurso de acceso.

3. A Comisión de Reclamacións oír á os membros da comisión contra a resolución da cal se presentase a reclamación e os candidatos que participasen nelas. Poderá, así mesmo, solicitar informes de especialistas de recoñecido prestixio.

#### Artigo 19. *Recursos.*

As resolucións da Comisión de Reclamacións serán vinculantes para o rector, as resolucións do cal esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo.

#### Disposición adicional primeira. *Reingreso ó servicio activo de profesores excedentes.*

1. Os funcionarios de corpos docentes universitarios en situación de excedencia que tivesen permanecido nesa situación un mínimo de dous anos e un máximo de cinco, poderán reingresar ó servicio activo de forma automática e definitiva na súa universidade de orixe, sempre que nela exista vacante do seu mesmo corpo e área de coñecemento. Para tal efecto deberán solicitálo da mencionada universidade, que decidirá sobre o reingreso, logo de comprobación da concorrencia dos indicados requisitos temporais. Esta solicitude deberase formular nun prazo non superior a quince días a partir do momento en que o «Boletín Oficial del Estado» publique a resolución de convocatoria das probas de habilitación a que se refire o número 3 do artigo 3.

No caso de seren varios os funcionarios de corpos docentes universitarios que soliciten a mesma praza, a universidade resolverá de acordo cos seus estatutos.

2. Salvo o suposto singular contemplado no número anterior, o reingreso ó servicio activo dos funcionarios de corpos docentes universitarios en situación de excedencia efectuarase con, carácter xeral, a través de concurso de acceso, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 67 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

#### Disposición adicional segunda. *Cambio de área de coñecemento.*

A Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria, logo do informe do Consello de Goberno da Universidade e da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, neste último caso sobre os aspectos científicos, e por solicitude razoada do profesor interesado, poderá modificar a denominación da praza obtida por outra das correspondentes ó catálogo de áreas de coñecemento nese momento en vigor.

#### Disposición adicional terceira. *Cómputo de prazos.*

Os prazos previstos neste real decreto contaránse, de acordo co artigo 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a partir do día seguinte á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» do acto administrativo de que se trate.

#### Disposición adicional cuarta. *Universidades do ámbito de competencia da Administración xeral do Estado.*

No suposto de universidades do ámbito de competencia da Administración xeral do Estado, as convocatorias dos concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e os nomeamentos, a que se refiren o número 1 do artigo 14 e o número 4 do artigo 17, respectivamente, unicamente serán publicados no «Boletín Oficial del Estado».

#### Disposición adicional quinta. *Áreas de coñecemento para profesores colaboradores.*

Os profesores colaboradores a que se refire o artigo 51 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, serán contratados polas universidades para impartiren ensinanzas, de acordo coas previsións do citado artigo, unicamente nas áreas de coñecemento que se relacionan no anexo VI.

#### Disposición adicional sexta. *Normativa supletoria.*

1. As comisións reguladas no capítulo II deste real decreto rexeranse, no non previsto nel, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As comisións reguladas no capítulo III deste real decreto rexeranse no previsto nel, pola regulación que establezan as comunidades autónomas, dentro do ámbito das súas competencias en relación cos órganos colexiados, así como polas disposicións que dicten as universidades no exercicio da súa autonomía.

#### Disposición transitoria primeira. *Áreas de coñecemento.*

1. En canto non se aprobe o catálogo de áreas de coñecemento conforme ás previsións do número 2 do artigo 71 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, continuará en vigor o actualmente vixente que figura no anexo II.

2. En canto non se aprobe o catálogo de áreas de coñecemento a que se refire o número anterior, son áreas afíns ás do citado catálogo, para os efectos previstos neste real decreto, as que figuran no anexo V.

#### Disposición transitoria segunda. *Contratación de profesores colaboradores.*

Excepcionalmente, ata o 30 de setembro de 2003, as universidades poderán contratar, por un prazo non superior a dous anos, como profesores colaboradores a licenciados, arquitectos e enxeñeiros en tódalas áreas de coñecemento cos requisitos establecidos no artigo 51 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

A partir do 1 de outubro de 2003 as universidades soamente poderán contratar profesores colaboradores nas áreas de coñecemento establecidas no anexo VI deste real decreto.



Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

## 1. Quedan derogados:

a) O Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, polo que se regulan os concursos para a provisión de prazas dos corpos docentes universitarios, modificado polos reais decretos 1427/1986, do 13 de xuño, e 1788/1997, do 1 de decembro.

b) A base 8.<sup>a</sup> do Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.

2. Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para dictar na esfera das súas atribucións cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro do título competencial establecido na disposición derradeira primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e, en concreto, das competencias que corresponden ó Estado conforme o artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ó Estado a competencia para dicta-las bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos seus funcionarios, e a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 26 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

**ANEXO I****Comunicación das universidades públicas á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria do número de prazas previstas para prover mediante concurso de acceso entre habilitados**

*(Para os efectos previstos no artigo 62.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e artigo 2 do presente Real decreto)*

Universidade: .....

Área de coñecemento: .....

Corpo docente: .....

Número de prazas: .....

Data

O rector

Asdo.: .....

## ANEXO II

## Catálogo de áreas de coñecemento para os efectos das probas de habilitación e concursos de acceso a corpos docentes universitarios

005	Álxebra.	300	Expresión gráfica arquitectónica.
010	Análise xeográfica rexional.	305	Expresión gráfica na enxeñería.
015	Análise matemática.	310	Farmacía e tecnoloxía farmacéutica.
020	Anatomía patolóxica.	315	Farmacoloxía.
025	Anatomía e anatomía patolóxica comparadas.	320	Filoloxía alemá.
027	Anatomía e embrioloxía humana.	325	Filoloxía catalana.
028	Antropoloxía física.	327	Filoloxía eslava.
030	Antropoloxía social.	335	Filoloxía francesa.
033	Arqueoloxía.	340	Filoloxía grega.
035	Arquitectura e tecnoloxía de computadores.	345	Filoloxía inglesa.
038	Astronomía e astrofísica.	350	Filoloxía italiana.
040	Biblioteconomía e documentación.	355	Filoloxía latina.
050	Bioloxía celular.	360	Filoloxía románica.
060	Bioquímica e bioloxía molecular.	365	Filoloxía vasca.
063	Botánica.	370	Filoloxía galega e portuguesa.
065	Ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica.	375	Filosofía.
070	Ciencia política e da administración.	381	Filosofía do dereito.
075	Ciencia da computación e intelixencia artificial.	383	Filosofía moral.
083	Ciencias e técnicas da navegación.	385	Física aplicada.
085	Ciencias e técnicas historiográficas.	390	Física atómica, molecular e nuclear.
090	Cirurxía.	395	Física da materia condensada.
095	Comercialización e investigación de mercados.	398	Física da terra.
100	Composición arquitectónica.	405	Física teórica.
105	Comunicación audiovisual e publicidade.	410	Fisioloxía.
110	Construcións arquitectónicas.	412	Fisioloxía vexetal.
115	Construcións navais.	413	Fisioterapia.
120	Cristalografía e mineraloxía.	415	Fundamentos da análise económica.
125	Dereito administrativo.	420	Xenética.
130	Dereito civil.	427	Xeodinámica externa.
135	Dereito constitucional.	428	Xeodinámica interna.
140	Dereito do traballo e da seguridade social.	430	Xeografía física.
145	Dereito eclesiástico do Estado.	435	Xeografía humana.
150	Dereito financeiro e tributario.	440	Xeometría e topoloxía.
155	Dereito internacional privado.	443	Histoloxía.
160	Dereito internacional público e relacións internacionais.	445	Historia antiga.
165	Dereito mercantil.	450	Historia contemporánea.
170	Dereito penal.	455	Historia de América.
175	Dereito procesual.	460	Historia da ciencia.
180	Dereito romano.	465	Historia da arte.
183	Dermatoloxía.	470	Historia do dereito e das institucións.
185	Debuxo.	475	Historia do pensamento e dos movementos sociais.
187	Didáctica da expresión corporal.	480	Historia e institucións económicas.
189	Didáctica da expresión musical.	485	Historia medieval.
193	Didáctica da expresión plástica.	490	Historia moderna.
195	Didáctica da lingua e a literatura.	495	Enxeñería aeroespacial.
200	Didáctica da matemática.	500	Enxeñería agroforestal.
205	Didáctica das ciencias experimentais.	505	Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría.
210	Didáctica das ciencias sociais.	510	Enxeñería da construción.
215	Didáctica e organización escolar.	515	Enxeñería dos procesos de fabricación.
220	Ecoloxía.	520	Enxeñería de sistemas e automática.
225	Economía aplicada.	525	Enxeñería do terreo.
230	Economía financeira e contabilidade.	530	Enxeñería e infraestrutura dos transportes.
235	Economía, socioloxía e política agraria.	535	Enxeñería eléctrica.
240	Edafoloxía e química agrícola.	540	Enxeñería hidráulica.
245	Educación física e deportiva.	545	Enxeñería mecánica.
247	Electromagnetismo.	550	Enxeñería nuclear.
250	Electrónica.	555	Enxeñería química.
255	Enfermería.	560	Enxeñería telemática.
260	Escultura.	565	Enxeñería téxtil e papeleira.
265	Estatística e investigación operativa.	566	Inmunoloxía.
270	Estética e teoría das artes.	567	Lingua española.
275	Estomatoloxía.	568	Lingua e cultura do Extremo Oriente.
280	Estratigrafía.	570	Linguaxes e sistemas informáticos.
285	Estudios árabes e islámicos.	575	Lingüística xeral.
290	Estudios hebreos e arameos.	580	Lingüística indoeuropea.
295	Explotación de minas.	583	Literatura española.
		585	Lóxica e filosofía da ciencia.
		590	Máquinas e motores térmicos.
		595	Matemática aplicada.
		600	Mecánica de fluídos.
		605	Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas.

610 Medicina.  
 613 Medicina legal e forense.  
 615 Medicina preventiva e saúde pública.  
 617 Medicina e cirurxía animal.  
 620 Metodoloxía das ciencias e do comportamento.  
 625 Métodos de investigación e diagnóstico en educación.  
 630 Microbioloxía.  
 635 Música.  
 640 Nutrición e bromatoloxía.  
 645 Obstetricia e xinecoloxía.  
 646 Oftalmoloxía.  
 647 Óptica.  
 650 Organización de empresas.  
 653 Otorrinolaringoloxía.  
 655 Paleontoloxía.  
 660 Parasitoloxía.  
 670 Pediatría.  
 675 Xornalismo.  
 680 Personalidade, avaliación e tratamento psicolóxico.  
 685 Petroloxía e xeoquímica.  
 690 Pintura.  
 695 Prehistoria.  
 700 Producción animal.  
 705 Producción vexetal.  
 710 Prospección e investigación mineira.  
 715 Proxectos arquitectónicos.  
 720 Proxectos de enxeñería.  
 725 Psicobioloxía.  
 730 Psicoloxía básica.  
 735 Psicoloxía evolutiva e da educación.  
 740 Psicoloxía social.  
 745 Psiquiatría.  
 750 Química analítica.  
 755 Química física.  
 760 Química inorgánica.  
 765 Química orgánica.  
 770 Radioloxía e medicina física.  
 773 Sanidade animal.  
 775 Socioloxía.  
 780 Tecnoloxía de alimentos.  
 785 Tecnoloxía electrónica.  
 790 Tecnoloxías do ambiente.  
 796 Teoría da literatura e literatura comparada.  
 800 Teoría do sinal e comunicacións.  
 805 Teoría e historia da educación.  
 807 Toxicoloxía.  
 813 Traballo social e servizos sociais.  
 814 Tradución e interpretación.  
 815 Urbanística e ordenación do territorio.  
 819 Zooloxía.

### ANEXO III

**Áreas de coñecemento ás que poderán convocarse probas de habilitación e concursos de acceso ós corpos de profesores titulares de escolas universitarias e catedráticos de escolas universitarias**

*(Número 3 dos artigos 58 e 59 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e número 4 do artigo 3 deste real decreto)*

110 Construcións arquitectónicas.  
 187 Didáctica da expresión corporal.  
 189 Didáctica da expresión musical.  
 193 Didáctica da expresión plástica.  
 255 Enfermería.  
 300 Expresión gráfica arquitectónica.  
 305 Expresión gráfica na enxeñería.  
 413 Fisioterapia.  
 505 Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría.  
 535 Enxeñería eléctrica.  
 647 Óptica.  
 813 Traballo social e servizos sociais.

### ANEXO IV

**Áreas de coñecemento ás que poderán convocarse probas de habilitación e concursos de acceso ó corpo de profesores titulares de escolas universitarias, para candidatos que se encontren en posesión do título de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico**

*LF. Número 1 do artigo 58 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e número 1.a) do artigo 5 deste real decreto*

110 Construcións arquitectónicas.  
 187 Didáctica da expresión corporal.  
 189 Didáctica da expresión musical.  
 193 Didáctica da expresión plástica.  
 255 Enfermería.  
 300 Expresión gráfica arquitectónica.  
 305 Expresión gráfica na enxeñería.  
 413 Fisioterapia.  
 505 Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría.  
 535 Enxeñería eléctrica.  
 647 Óptica.  
 813 Traballo social e servizos sociais.

### ANEXO V

**Áreas afíns ás do catálogo de áreas de coñecemento para os efectos de probas de habilitación a corpos docentes universitarios**

*(Número 4 do artigo 57 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e disposición transitoria primeira do presente real decreto)*

#### Catálogo de áreas afíns

	Área principal	Afinidade 1.º	Afinidade 2.º	Afinidade 3.º
25	Anatomía e anatomía patolóxica comparadas.	Sanidade animal.		
28	Antropoloxía física.	Zooloxía.		
33	Arqueoloxía.	Prehistoria.		
38	Astronomía e astrofísica.	Física da Terra.		

	Área principal	Afinidade 1.º	Afinidade 2.º	Afinidade 3.º
40	Biblioteconomía e documentación.	Ciencias e técnicas historio- gráficas.		
83	Ciencias e técnicas da navegación.	Construccións navais.	Máquinas e motores térmicos.	Enxeñería mecánica.
85	Ciencias e técnicas historiográficas.	Historia antiga.		
95	Comercialización e investigación de mercados.	Organización de empresas.		
100	Composición arquitectónica.	Expresión gráfica arquitectónica.		
105	Comunicación audiovisual e publicidade.	Xornalismo.		
110	Construccións arquitectónicas.	Enxeñería da construción.		
115	Construccións navais.	Máquinas e motores técnicos.	Ciencias e técnicas da navegación.	Enxeñería mecánica.
183	Dermatoloxía.	Medicina.		
185	Debuxo.	Pintura.	Escultura.	
187	Didáctica da expresión corporal.	Educación física e deportiva.	Didáctica e organiza- ción escolar.	
189	Didáctica da expresión musical.	Música.	Didáctica da expresión plástica.	Didáctica e organiza- ción escolar.
193	Didáctica da expresión plástica.	Debuxo.	Expresión gráfica arquitectónica.	Composición arquitectónica.
195	Didáctica da lingua e a literatura.	Lingua española.		
200	Didáctica da matemática.	Matemática aplicada.		
205	Didáctica das ciencias experimentais.	Didáctica e organización escolar.		
210	Didáctica das ciencias sociais.	Didáctica e organización escolar.		
245	Educación física e deportiva.	Didáctica da expresión corporal.	Fisioterapia.	
247	Electromagnetismo.	Física aplicada.		
255	Enfermería.	Medicina.		
260	Escultura.	Debuxo.	Pintura.	Historia da arte.
270	Estética e teoría das artes.	Filosofía.	Historia da arte.	
275	Estomatoloxía.	Cirurgía.		
285	Estudios árabes e islámicos.	Estudios hebreos e arameos.		
290	Estudios hebreos e arameos.	Estudios árabes e islámicos.		
295	Explotación de minas.	Prospección e investigación.	Enxeñería do terreo.	
300	Expresión gráfica arquitectónica.	Composición arquitectónica.		
305	Expresión gráfica na enxeñería.	Proxectos e enxeñería.	Expresión gráfica arquitectónica.	Enxeñería cartográfica.
320	Filoloxía alemá.	Filoloxía inglesa.		
327	Filoloxía eslava.	Lingüística xeral.	Lingüística indoeuro- pea.	
350	Filoloxía italiana.	Filoloxía románica.		
365	Filoloxía vasca.	Lingüística xeral.	Lingua española.	
370	Filoloxía galega e portuguesa.	Filoloxía románica.		
383	Filosofía moral.	Filosofía.		
398	Física da Terra.	Astronomía e astrofísica.		
413	Fisioterapia.	Radioloxía e medicina física.	Medicina.	
427	Xeodinámica externa.	Xeodinámica interna.		
428	Xeodinámica interna.	Xeodinámica externa.		
430	Xeografía física.	Análises xeográficas e rexional.		
443	Histoloxía.	Bioloxía celular.		
460	Historia da ciencia.	Lóxica e filosofía da ciencia.		
475	Historia do pensamento e dos movementos sociais e políticos.	Ciencia política e da administración.		
495	Enxeñería aeroespacial.	Enxeñería mecánica.		
500	Enxeñería agroforestal.	Producción vexetal.		
505	Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría.	Expresión gráfica na enxeñería.	Enxeñería do terreo.	Enxeñería agroforestal.
510	Enxeñería da construción.	Mecánica de medios contínuos e teoría de estruturas.		

	Área principal	Afinidade 1.º	Afinidade 2.º	Afinidade 3.º
515	Enxeñería dos procesos de fabricación.	Enxeñería mecánica.		
525	Enxeñería do terreo.	Enxeñería hidráulica.		
530	Enxeñería e infraestrutura dos transportes.	Enxeñería da construción.	Enxeñería do terreo.	
535	Enxeñería eléctrica.	Tecnoloxía electrónica.		
540	Enxeñería hidráulica.	Enxeñería do terreo.		
550	Enxeñería nuclear.	Máquinas e motores térmicos.		
560	Enxeñería telemática.	Arquitectura e tecnoloxía de computadores.		
565	Enxeñería téxtil e papeleira.	Enxeñería química.		
566	Inmunoloxía.	Anatomía patolóxica.		
568	Lingua e cultura do Extremo Oriente.	Lingüística xeral.		
580	Lingüística indoeuropea.	Lingüística xeral.		
590	Máquinas e motores térmicos.	Enxeñería mecánica.		
600	Mecánica de fluídos.	Enxeñería hidráulica.		
613	Medicina legal e forense.	Toxicoloxía.		
615	Medicina preventiva e saúde pública.	Medicina.		
617	Medicina e cirurxía animal.	Sanidade animal.		
625	Métodos de investigación e diagnóstico en educación.	Psicoloxía evolutiva e da educación.		
635	Música.	Historia da arte.		
645	Obstetricia e xinecoloxía.	Cirurxía.		
646	Oftalmoloxía.	Cirurxía.		
653	Otorrinolaringoloxía.	Cirurxía.		
660	Parasitoloxía.	Microbioloxía.		
685	Petroloxía e petroquímica.	Cristalografía e mineraloxía.		
690	Pintura.	Debuxo.	Escultura.	
710	Prospección e investigación mineira.	Explotación de minas.	Enxeñería do terreo.	Petroloxía e xeoquímica.
715	Proxectos arquitectónicos.	Composición arquitectónica.		
720	Proxectos de enxeñería.	Enxeñería da construción.	Expresión gráfica na enxeñería.	
725	Psicobioloxía.	Psicoloxía básica.		
745	Psiquiatría.	Medicina.		
770	Radioloxía e medicina física.	Medicina.		
790	Tecnoloxías do ambiente.	Enxeñería química.		
796	Teoría da literatura e literatura comparada.	Literatura española.		
807	Toxicoloxía.	Medicina legal e forense.		
813	Traballo social e servizos sociais.	Ciencia política e da administración.		
814	Tradución e interpretación.	Lingua española.		
815	Urbanística e ordenación do territorio.	Tecnoloxías do ambiente.	Enxeñería e infraestrutura dos transportes.	

## ANEXO VI

### Áreas de coñecemento para as que poderán ser contratados profesores colaboradores

(Artigo 51 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e disposición adicional quinta deste real decreto)

35 Arquitectura e tecnoloxía de computadores.  
 110 Construcións arquitectónicas.  
 187 Didáctica da expresión corporal.  
 189 Didáctica da expresión musical.  
 193 Didáctica da expresión plástica.  
 195 Didáctica da lingua e a literatura.  
 200 Didáctica da matemática.  
 205 Didáctica das ciencias experimentais.  
 210 Didáctica das ciencias sociais.

215 Didáctica e organización escolar.  
 245 Educación física e deportiva.  
 255 Enfermería.  
 300 Expresión gráfica arquitectónica.  
 305 Expresión gráfica na enxeñería.  
 413 Fisioterapia.  
 505 Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría.  
 510 Enxeñería da construción.  
 515 Enxeñería dos procesos de fabricación.  
 520 Enxeñería de sistemas e automática.  
 535 Enxeñería eléctrica.  
 545 Enxeñería mecánica.  
 570 Linguaxes e sistemas informáticos.  
 600 Mecánica medios continuos.  
 647 Óptica.  
 705 Producción vexetal.  
 785 Tecnoloxía electrónica.  
 813 Traballo social e servizos sociais.